

I CONCURSO

DE MANGAS



TUITAKU

Club de
Manga e
Anime

BIBLIOTECA.
IES SAN PAIO - TUI
Xan. 2019

I CONCURSO DE MANGAS

1.- O obxectivo do concurso é presentar un manga que represente ao IES San Paio no libro colectivo dos distintos clubs de Manga e Anime de Pontevedra. As obras finalistas formarán parte, á súa vez, a un libro/revista para o noso centro.

O manga presentará unha historia autoconclusiva. Deberá conter uns protagonistas con carisma e ben definidos.

2.- Pode participar neste concurso calquera alumno ou alumna socio do Club Tuitaku. O alumnado do IES San Paio que non pertenza ao Club Tuitaku pode participar pero nunca gañar o concurso se ben, si a calidade da obra o merece, poderá ser finalista. As obras colectivas so poden ser gañadoras si todxs xs autorxs pertencen ao Club Tuitaku.

Os traballos presentados a concurso deberán ser orixinais e inéditos en toda a súa forma.

3.- A temática, estilo e xénero son totalmente libres e o proxecto para presentar debe consistir en:

Resumo do argumento da obra nun espazo mínimo de 5 e máximo de 15 liñas. Tan só acéptanse arquivos DOC.

A historia non será menor de 15 nin maior de 60 páxinas (follas a unha cara).

Pode engadirse de maneira opcional unha portada (en branco e negro ou a cor) así como fichas dos personaxes.

Datos persoais dx/s autorx ou autorxs:

Seudónimo:

Nome e apelidos

Curso:

Correo electrónico:

Teléfono:

4.- Os proxectos poden presentarse en formato físico (papel) ou dixital. En ningún caso deben enviarse os orixinais.

Pode empregarse calquera técnica creativa, tendo en conta que a obra será en branco e negro e que debe estar entintada e cunha rotulación legible.

Terase en conta a calidade da reprodución dos proxectos presentados (fotocopias, impresións, arquivos dixitais...).

Se os proxectos se entregan en formato electrónico, as páxinas deberán ter formato JPG (a 300 dpi de resolución, calidade media) ou PDF (compresión media).

5.- Pódense presentar un máximo de tres obras por persoa, a título individual ou formando parte dun colectivo ou grupo de autorxs.

6.- O 1º premio consistirá na edición da obra no libro colectivo cos outros clubs manga da provincia así como un agasallo (aínda sen determinar).

Os premios para as obras finalistas será a publicación das mesmas nunha revista do IES San Paio.

7.- O prazo de presentació de obras finaliza o 1 de abril de 2019 ás 23:59. Todas as obras recibidas pasado este prazo non entrarán en concurso.

8.- O xurado fallará a favor dunha única obra gañadora e das finalistas. Estará composto por:

- Grupo da Biblioteca: 2 persoas do profesorado e 1 de alumnado.
- Club Tuitaku: 2 fundadorxs e 1 socio/a
- Profesorado: 1 de EPV, 1 de Lingua Galega e 1 profe "otaku".

O fallo farase público o día 17 de abril de 2019.

9.- Os proxectos deberán entregarse na Biblioteca Escolar do centro.

En ningún caso devolverase o material enviado.

É imprescindible a inclusión de todos os datos requiridos:

- Folla resumo da obra.
- Follade datos personais.
- Manga

10.- A participación neste concurso supón a aceptación destas bases. A Biblioteca Escolar do IES San Paio resérvase o dereito de modificar ou ampliar estas bases.

Para máis información visitade a web do IES: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanpaio> ou preguntade xs responsables do Club Tuitaku [recreos do luns e mércores en Usos Múltiples]